

La postal de Marta

MARCOS ALCAINE SOTO

Espero a Marta sentado en este pequeño bar frente a mi casa para así verla llegar y sorprenderla por la espalda cuando llame al telefonillo. Un camarero joven, joven y rematadamente rubio, ha vertido café sobre mi postal. Limpio la mancha desgano hasta leer de nuevo con claridad «Isla de la Toja» en la esquina superior izquierda. La compré porque me pareció extraña, extraño que cinco mujeres ataviadas con el traje regional gallego –dos de ellas de pie, tres sentadas en sendos bancos– contemplen la fachada de una capilla rodeada de arbolitos bajo un trozo de azul casi mentira de puro intenso y alguien decida que esa escena deba perpetuarse en una postal. Llevo un rato preguntándome por qué la he traído conmigo. Marta respondería que sufro una especie de retroceso, que me precipito hacia el dolor allá donde lo intuyo, sumergiéndome, empapándome de él como al principio –el principio ya tan lejos, cuando el invierno crudo y amoroso nos permitía acurrucarnos en mesitas escondidas en cafés de Ópera y hablar de literatura y de nosotros–. Marta tiene razón. Esta mañana encontré la postal buscando en el neceser de viaje un cortaúñas: verla fueron lágrimas, y una araña fría en el estómago. No podía calcular el tiempo que permanecí mirándola atontado. Sólo sé decir que llegó un momento en que un viento violento, un viento que también sentí pero más leve abriéndome la piel, masajeándome los músculos, agitaba las ramas de aquellos árboles, casi partiéndolas, y las dos mujeres que vivían de pie intentaban inútilmente conservar el equilibrio –sus piernas ya incapaces de sostenerlas–; parecían mendigas: humilladas, sucios y estropeados los hermosos trajes. –La caída fue estrepitosa–. Un grito del teléfono me hizo entonces tomar conciencia de la realidad. Tuve un instante de lucidez, de huída: debía decidir qué hacer con la postal. Quemarla implicaba no recuperarla ya nunca; tendría que recordar para siempre con vergüenza la ilusión excitada e inocente con que la compré. Si la colgaba de una chincheta en mi cuarto –como llegué a fantasear– cada día al ineludiblemente tropezármela vería no sólo la foto ridícula, sino también el reverso, la otra

cara– llegué a escribir a Marta que sé que ya no me quiere «¿Contemplaremos juntos el mar algún día?», imaginándome sus ojos oscuros casi saliéndoseles de las cuencas, con tanto gozo y asombro intentaría abarcar el horizonte–. Pegué incluso el sello. Conservarla parece lo más razonable, e irle arrancando pedacitos a medida que ella me va echando de sí. Lo cierto es que aún sigo ahora dudando qué hacer mientras la siento llegar con sus pasitos breves de pitufo cojo, siempre con una nube ante los ojos. Me parece curioso presenciar yo este proceso, el pararse ella ante el portal, alzar el brazo y pulsar el botón. Supongo que porque nadie contesta– quién podría responder, quién podría, desde una casa que yo he querido vacía para ella, descolgar el auricular y decir «sube». Y es posible que yo sí desee que el auricular sea descolgado por un brazo casual, nacido con ese fin, para hacerle escuchar a ella todo el silencio, toda la nada de mi casa, conjurados todos los vacíos: el de la cocina, el de mi cuarto, incluso el del pasillo, porque se me ocurre que Marta, que siempre ha llevado la sinceridad como una corona de plumas blancas flotando sobre su cabeza, merece saber cómo me siento–, porque nadie contesta lo pulsa otra vez, mira hacia arriba, hacia la ventana del salón, duda, mira luego a derecha e izquierda, duda, y se va. Esto ha llegado demasiado lejos y es preciso que me levante y corra tras ella y la alcance y le explique que ha sido una broma y que tal vez aún... Y alguien, tal vez Dios, debería decirme a mí porqué me ha dado hoy por ponerme estos zapatos tan incómodos, y porqué cuando ya la toco, cuando ya casi la toco, me detengo, paralizado, y no puedo esquivar el descomunal buzón amarillo que lo tapa todo, lo ocupa todo. Y porqué –el semáforo se habrá puesto verde seguramente y ella estará cruzando–, porqué me entretengo jugando a meter la postal en la ranura, al principio unos centímetros tan sólo, después un poco más– empieza a temblar el verde, todavía podría cruzar–, y ya hasta la mitad –tiembla el verde–, y se me desliza entre los dedos –casi rojo–, y porqué, porqué cae –casi casi rojo– va a caer finalmente, está cayendo –rojo ya–, o yo la he soltado.

A postal de Marta

MARCOS ALCAINE SOTO

Agardo a Marta sentado neste pequeno bar fronte á miña casa para así vela chegar e sorprendela polas costas cando chame ó interfono. Un camareiro novo, novo e rematadamente loiro, verteu café sobre a miña postal. Limpio a mancha desganado ata ler de novo con claridade «Illa da Toxa» na esquina superior esquerda. Compreina porque me pareceu estraña, estraño que cinco mulleres ataviadas co traxe rexional galego —dúas delas de pé, tres sentadas en cadanseu banco— contemplan a fachada dunha capela rodeada de arboriños baixo un anaco de azul case mentira de puro intenso e alguén decida que esa escena se deba perpetuar nunha postal. Levo un pouco preguntándome porqué a trouxen comigo. Marta respondería que sufro unha especie de retroceso, que me precipito cara á dor alí onde a intúo, mergullándome, empapándome dela como ó principio —o principio xa tan lonxe, cando o inverno cru e amoroso nos permitía acubillarnos en mesiñas agochadas en cafés de Ópera e falar de literatura e de nós—. Marta ten razón. Hoxe pola mañá atopei a postal buscando no estoxo de viaxe un cortaúñllas: vela foron bágoas, e unha araña fría no estómago. Non podía calcula-lo tempo que permanecín mirándoa aparvado. Só sei dicir que chegou un momento en que un vento violento, un vento que tamén sentín pero máis maino abríndome a pel, masaxeándome os músculos, axitaba as pólas daquelas árbores, case partíndoas, e as dúas mulleres que vivían de pé intentaban inutilmente conserva-lo equilibrio —as súas pernas xa incapaces de sostelas—; parecían esmolantes: humilladas, sucios e estragados os fermosos traxes. —A caída foi estrepitosa—. Un berro do teléfono fíxome entón tomar conciencia da realidade. Tiven un intre de lucidez, de fuxida: debía decidir qué facer coa postal. Queimala implicaba non recuperala xa nunca; tería que lembrar para sempre con vergoña a ilusión excitada e inocente con que a comprei. Se a colgaba dunha chincheta no meu cuarto —como cheguei a fantasear— cada día ó ineludiblemente tropezar con ela vería non só a foto ridícula, senón tamén o reverso, a outra cara —cheguei a escribir a Marta que sei que

xa non me quere «¿Contemplaremos xuntos o mar algún día?» imaxinando os seus ollos escuros case saíndolle das concas, con tanto gozo e asombro intentaría abarca-lo horizonte—. Peguei incluso o selo. Consevala parece o máis razoable, e irlle arrancando anaquiños a medida que ela me vai botando de si. O certo é que aínda sigo agora dubidando qué facer mentres a sinto chegar cos seus pasiños breves de pitufo coxo, sempre cunha nube diante dos ollos. Parécese curioso presenciar eu este proceso, o pararse ela diante do portall, alza-lo brazo e pulsa-lo botón. Supoño que porque ninguén contesta —quén podería responder, desde unha casa que eu quixen baleira para ela, descolgar o auricular e dicir «sube». E é posible que eu si desexe que o auricular sexa descolgado por un brazo casual, nacido con ese fin, para facerlle escoitar a ela todo o silencio, toda a nada da miña casa, conxurando tódolos baleiros: o da cocíña, o do meu cuarto, incluso o do corredor, porque se me ocorre que Marta, que sempre levou a sinceridade como unha coroa de plumas brancas flotando sobre a súa cabeza, merece saber cómo me sinto—, porque ninguén contesta púlsao outra vez, mira cara arriba, cara á ventá do salón, dubida, mira logo á dereita e á esquerda, dubida e vaise. Isto chegou demasiado lonxe e é preciso que me levante e corra detrás dela e a alcance e lle explique que foi unha broma e que tal vez aínda... E alguén, tal vez Deus debería dicirme a min porqué me deu hoxe por poñer estes zapatos tan incómodos, e porqué cando xa case a toco, me deteño, paralizado, e non podo esquiva-la descomunal caixa de correo amarela que o tapa todo, que o ocupa todo. E porqué —o semáforo poñeríase en verde seguramente e ela estará cruzando— porqué me entreteño xogando a mete-la postal na fenda, ó principio uns centímetros tan só, despois un pouco máis —empeza a treme-lo verde, aínda podería cruzar—, e xa ata a metade— treme o verde—, e esvara entre os dedos —case vermello—, e porqué, porqué cae —case case vermello— vai caer finalmente, está caendo —vermello xa—, ou solteina.

(Revisión de Ana Acuña)